



RESOLUCIÓN SOBRE AGRUPACIÓN DE EDICIÓNS DO CURSO FC11115 PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS ADAPTADOS Á DIRECTIVA SERVIZOS

ANTECEDENTES:

1 A Escola Galega de Administración Pública dictou unha Resolución pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 247 do 27-12-2010).

2 O número de prazas por edición do curso FC11115 Procedementos administrativos adaptados á directiva servizos, na edición de A Coruña que ía ter lugar do 01-06-2011 ao 16-06-2011 é de 20 prazas convocadas.

3 Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes o Servizo de Xestión das Actividades de Formación e Selección comprobou que para a edición de A Coruña que tería lugar do 01-06-2011 ao 16-06-2011 soamente se presentaron 6 solicitudes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 247 do 27-12-2010) na súa base novena, apartado C dispón:

No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que se empregarán os medios de notificación previstos na normativa vixente ás persoas interesadas.

O número de solicitudes do curso FC11115 Procedementos administrativos adaptados á directiva servizos, na edición de A Coruña que ía ter lugar do 01-06-2011 ao 16-06-2011 é inferior ao 50% das prazas convocadas.



De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.-Agrupar as dúas edicións do curso FC11115 Procedementos administrativos adaptados á directiva servizos, que ían ter lugar en A Coruña do 01-06-2011 ao 16-06-2011 e en Santiago do 14-09-2011, nunha soa edición a celebrar en Santiago.

2.-Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2011.

O director



Pablo Figueroa Dorrego